



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA POLO QUE SE ENCOMENDA A XESTIÓN DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN BÁSICOS DO SISTEMA GALEGO DE SERVIZOS SOCIAIS (SIUSS-SIUSSGAL/PBSS E MATIASS).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Inclusión Social ten previsto formalizar con Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 15/08/2019 ata o 14/08/2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto instrumentar e regular as condicións específicas que rexerán a encomenda de xestión que a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia lle realiza ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para o desenvolvemento das actividades técnicas necesarias para o mantemento actualizado dos sistemas de información básicos dos servizos sociais, baixo as instrucións do órgano competente da Xunta de Galicia (na actualidade, a Dirección Xeral de Inclusión Social) englobando a realización das seguintes actividades:

1. Xestión dos distintos perfís de acceso de usuarios de SIUSSGAL por parte do persoal dos servizos sociais comunitarios de Galicia en función dos roles e niveis de acceso establecidos polo órgano competente da Xunta de Galicia, en función das necesidades do posto de traballo desenvolvido con estrito cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal.
2. Asesoramento permanente ao persoal técnico dos servizos sociais comunitarios, nomeadamente de tipo técnico-conceptual, sobre as táboas de codificación establecidas para os diferentes campos de información nos que se rexistran as intervencións sociais, velando pola máxima homoxeneidade na súa cobertura, de maneira que permita dispoñer dunha información fiable e contrastada, que poida ser explotada con ferramentas de tipo tecnolóxico, promovendo a rigorosidade na súa utilización efectiva, baixo os criterios técnico-profesionais establecidos pola Dirección Xeral de Inclusión Social, co fin de garantir o adecuado rexistro en SIUSSGAL da información integrante dos expedientes sociais que



debe ser introducida polos profesionais de referencia do Sistema Galego de Servizos Sociais.

3. Desenvolvemento das accións formativas dirixidas ao persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais en materia de SIUSS/SIUSSGAL que se organicen no marco do Plan de Formación Continua aprobado anualmente pola Dirección Xeral de Inclusión Social, ata un máximo de catro accións formativas de 12 horas de duración cada unha.
4. Manter a debida interoperabilidade, permitindo que a información recollida en SIUSSGAL polos servizos sociais comunitarios das corporacións locais poda transferirse de xeito automático á Administración do Estado (incluíndo toda a información que esta administración autonómica debe remitirle anualmente ao Ministerio competente por razón da materia) a través da aplicación informática de titularidade estatal denominada Prestacións Básicas de Servizos Sociais (PBSS).
5. Publicar a información e os contidos técnico-profesionais que supoñan actualizacións relevantes nos diversos eidos dos servizos sociais, e proceder a súa divulgación a través da plataforma web MATIASS (Manual de Traballo, Información e Asesoramento de Servizos Sociais), este labor realizarase diariamente, con carácter permanente, co obxecto, por unha banda, de manter ao día o conxunto de programas, servizos, recursos e prestacións existentes na comunidade autónoma galega, e por outra, de facilitar a atención das persoas usuarias, publicando na web <https://matiass.xunta.es/> os novos recursos, servizos ou programas de servizos sociais, as novidades normativas, así como formularios, modelos, documentos-tipo, documentos técnico-profesionais de referencia, ou información sobre convocatorias de subvencións e axudas, con alertas sobre os prazos e os requisitos das solicitudes correspondentes, sobre a tramitación de prestacións sociais, ou sobre a celebración de congresos, cursos, seminarios, xornadas..., de maneira que se lles facilite unha información funcional de todas as prestacións e os recursos de protección social a todos os profesionais técnicos do sistema galego de servizos sociais, e cunha supervisión técnica especialmente focalizada na figura dos profesionais de referencia do sistema galego de servizos sociais (traballadores sociais dos servizos sociais comunitarios).

Este labor supón un seguimento e revisión constante da información en materia de servizos sociais, co obxecto de melloralas ou incorporalas ao MATIASS a medida que se vaia producindo: en xeral, publicarase toda nova de actualidade con transcendencia no eido do servizos sociais, de maneira consensuada co coordinador da encomenda. Tendo en conta





que o sitio web MATIASS está aloxado na páxina institucional da Xunta de Galicia, o COTSG deberá dotarse dos medios e instrumentos necesarios para manter a conexión coas redes informáticas da Xunta de Galicia e xestionar o control e seguimento do acceso ao sitio web <https://matiass.xunta.es/>, se ben contará coa colaboración da Dirección Xeral de Inclusión Social na realización xestións precisas dirixidas a este fin.

6. Impulsar e reforzar a participación do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios no uso dos devanditos sistemas, complementando as accións da Dirección Xeral de Inclusión Social e, nomeadamente, contribuíndo a integrar as táboas de codificación establecidas pola Consellería de Política Social na dinámica diaria de traballo dos ditos profesionais.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar ten un carácter singular por constituír o instrumento xurídico no que se instrumentan e recollen as condicións específicas e obrigas da xestión encomendada pola Consellería ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia así como as facultades que se reserva o órgano encomendante, en tanto que titular da competencia.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, como norma que desenvolve a Lei de servizos sociais no relativo á natureza, funcións, contido, funcionamento e financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais e, ao tempo, senta as bases para a coordinación operativa entre os servizos sociais comunitarios co resto dos axentes do sistema galego de servizos sociais (neste sentido é de singular importancia o respaldo legal a un *sistema unificado de información básica sobre as persoas usuarias* de xeito que os profesionais e os xestores do sistema doten as súas intervencións de maior coherencia e eficacia e que, ademais, constitúe o soporte fundamental da Historia Social Única Electrónica).

Na actualidade, a Consellería de Política Social ten establecidos como instrumentos para estes profesionais que facilitan tanto a súa formación continua como a abordaxe integral de todos os recursos e prestacións dispoñibles no sistema ao persoal técnico dos servizos sociais básicos, específicos e especializados así como os dirixidos á homologación metodolóxica dos/da traballadores/as sociais en base á sistematización da información para o adecuado e homoxéneo desenvolvemento do exercicio profesional en todo o territorio da comunidade autónoma e a obtención de indicadores comúns que posibiliten as explotacións estatísticas correspondentes, o SIUSS-SIUSSGAL/PBSS e o MATIASS.





Que de acordo coas Leis 2/74, do 13 de febreiro de Colexios Profesionais e Lei 11/2001, 18 de setembro de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia e o artigo 7 dos seus Estatutos, corresponde ao Colexio, en canto corporación de dereito público, a ordenación do exercicio da profesión do traballo social así como a promoción da investigación científica da ciencia e técnica do traballo social e da formación e perfeccionamento dos colexiados para a mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais dos mesmos así como exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola Administración e colaborar con esta perante a realización de estudos, emisión de informes e ditames, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que poidan serlle solicitadas ou acorde formular por propia iniciativa

Que entre os medios que a Lei 40/2015, do 1 do outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e a Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e o sector público autonómico poñen a dispor das administracións públicas para o cumprimento dos seus fins e para o exercicio das súas competencias atópase a encomenda de xestión. Este instrumento habilita aos órganos administrativos para encomendar a outros órganos ou entidades de dereito público a realización de actividades de carácter material ou técnico da súa competencia por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño, sen que supoña a cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio sendo responsabilidade do órgano encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Esta unicidade do COTSG outórgalle unha posición privilexiada e exclusiva para levar a cabo o obxecto desta encomenda porque o feito de que inclúa no seu seo a todos os traballadores/as sociais da Comunidade Autónoma de Galicia independentemente do nivel no que desenvolvan a seu exercicio profesional outórgalle unha virtualidade enorme de cara a impulsar a actuación coordinada no marco do sistema galego de servizos sociais e complementar os demais instrumentos de coordinación da administración autonómica.

Que o desenvolvemento das actividades técnicas sinaladas non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza



estritamente convencional e cumpre as condicións previstas no artigo 6 desta Lei para poder consideralo un negocio xurídico excluído do seu ámbito de aplicación, porque:

- a. As partes asinantes do convenio non teñen vocación de mercado.
- b. O convenio regula a encomenda da Consellería de Política Social das actividades técnicas que implican a xestión dos sistemas de información básicos dos servizos sociais comunitarios á Corporación de dereito público que legalmente ostenta a competencia para o desenvolvemento das funcións encomendadas con carácter xeral para todos os profesionais da comunidade autónoma con independencia do nivel no que prestes os seus servizos profesionais coa finalidade de garantir que todos os traballadores/as sociais participen das mesmas metodoloxías e criterios de actuación profesional para garantir unha prestación homoxénea dos servizos sociais e en igualdade de condicións par todos os cidadans da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c. O desenvolvemento da encomenda obxecto do convenio guíase unicamente por consideracións relacionadas co interese público, razóns de eficacia e falta medios.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela á data da sinatura dixital.

O director xeral de Inclusión Social

Arturo Parrado Puente

